

## **Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do Fondo de Compensación Financeira**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 171, do 7.11.1983.

Emendas, BOPG núm. 186, do 5.12.1983.

Debate de totalidade, DSPG núm. 57, do 9.12.1983.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 213, do 4.2.1984.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 213, do 4.2.1984.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 62, do 16.2.1984.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 226, do 27.2.1984.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 97, do 22.5.1984.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 299, do 14.12.1984.

## **Lei 1/1984, do 20 de febreiro, do Fondo de Compensación Financeira**

Esta lei foi derogada pola Lei 4/1985.

Por auto do Tribunal Constitucional do 23 de maio de 1985 (publicado no BOE núm. 138, do 10 de xuño de 1985) deuse por rematado o recurso de inconstitucionalidade núm. 646/1984, e levantouse a suspensión da vixencia e da aplicación desta lei que no seu día se decretara.

A Constitución Española de 1978 supuxo profundas e significativas modificacións na organización política e administrativa, ata o punto de pasar dun Estado fortemente centralizado ó denominado Estado das Autonomías; establecendo como principios informadores das Facendas Autonómicas:

— principio de autonomía financeira

— principio de solidariedade interterritorial

— principio de coordinación entre as Facendas do Estado

— principio de colaboración entre as distintas Comunidades Autónomas e o propio Estado.

Estes principios informadores requiren uns criterios prácticos de aplicación que poden resumirse en tres:

— suficiencia de recursos para as Comunidades Autónomas,

— equilibrio financeiro entre o Estado e as Comunidades Autónomas,

— criterio de non duplicación do gasto público.

Así mesmo, o proceso autonómico esixe que os actos de xestión dos créditos correspondentes ós servicios transferidos se desenvolvan harmónica e racionalmente, apuntando como criterio de xestión económica e financeira o de que os compromisos financeiros adquiridos polas Comunidades Autónomas para cobertura do custo efectivo dos servicios transferidos son compromisos do Estado e non de cada órgano da Administración en concreto, dotando, deste xeito, de unidade e cobertura ó sistema, o que permitirá axustar as contas mediante unha liquidación anual ata a entrada dos mecanismos de financiación global, que deben ter por vértices as leis de participación nos ingresos do Estado e de cesión de Tributos.

En tanto non entren en vigor os citados mecanismos de financiación global, resulta imprescindible dispor, coa suficiente antelación,

dos créditos necesarios para a cobertura das obrigas que se derivan das competencias asumidas, sendo responsabilidade da Administración Central da-los pasos necesarios para que tal esixencia se cumpra.

Malia o anterior, reiterada e sistematicamente, as transferencias financeiras que se reciben na Comunidade con cargo ós Presupostos Xerais do Estado sofren considerables retrasos, o que impide atender en prazo ós vencementos dos pagamentos derivados da execución do Presupuesto da mesma, provocando non só un desfase na Tesourería da Comunidade senón un quebrantamento na situación financeira da mesma, ó se ver precisada a acudir ó endebedamento para facer fronte ós citados compromisos.

Por iso, e dado o principio de eficacia, como ben constitucionalmente protexido no artigo 103.1 da Constitución Española, con que debe actuar a Administración Pública, e, xa que logo, a necesidade de simplificación das relacións entre a Administración Central e a Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre adoptar as medidas en orde a minimizar tales situacións.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro,

reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei do fondo de compensación financeira.

#### Artigo 1

1. En tanto non se proceda ó necesario axuste das diferencias que se produzan na financiación dos servicios transferidos, na Comisión de liquidacións que se constituirá no Ministerio de Economía e Facenda, a Comunidade Autónoma de Galicia poderá utilizar a totalidade dos fondos disponibles na súa Tesourería, calquera que sexa a súa orixe e destino, sen prexuício do principio de presupuesto bruto establecido no artigo 58 da Lei Xeral Presupostaria.

2. Das operacións realizadas conforme ó apartado anterior darase conta trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de Galicia.

#### Artigo 2

A presente Lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 1984

Gerardo Fernández Albor  
Presidente